

SUBVENCIÓN PARA RENOVACIÓN DE FACHADA

BASES REGULADORAS PARA A CONCESIÓN DE SUBVENCIONES, EN RÉXIME DE CONCORRENCIA NON COMPETITIVA, PARA A REHABILITACIÓN CON GRANITO DAS FACHADAS DE EDIFICACIÓNS DE VIVENDA EXISTENTES, E SE PROCEDE Á SÚA CONVOCATORIA PARA O ANO 2015 (CÓDIGO DE PROCEDIMENTO IN316A).

ORDE do 6 de marzo de 2015 publicada no DOG N.50, do 13 de marzo de 2015:

http://www.xunta.es/dog/Publicados/2015/20150313/AnuncioCA04-060315-0001_gl.html

Prazo de presentación de solicitudes: Do 14 de marzo de 2015 – ata que se esgoten os fondos económicos. En todo caso, finalizará aos tres meses do día seguinte á publicación da presente orde. No suposto de que antes de finalizar o prazo de presentación de solicitudes se esgote o crédito, será publicada no DOG e na páxina web da consellería.

Forma de presentación de solicitude

- vía electrónica: a través do formulario normalizado dispoñible na sede electrónica da Xunta de Galicia: <https://sede.xunta.es> <http://economiaeindustria.xunta.es>. Será necesario o dni electrónico ou calquera dos certificados electrónicos recoñecidos.

- en soporte papel, utilizando o formulario normalizado dispoñible na sede electrónica da Xunta de Galicia, en calquera dos lugares e rexistros establecidos no artigo 38.4 da Lei 30/1992, do 26 de novembro.

Actuacións obxecto das subvencións.

Rehabilitación de fachadas de edificacións de vivenda con granito.

A renovación ten que cumprir ou mellorar **as exigencias mínimas que fixa o Código técnico da edificación no documento «DB HE-1 Limitación da demanda enerxética».**

Gastos subvencionables e cuantía das axudas

Custos subvencionables: os que sexan directamente imputables ás actuacións de renovación de cubertas, en concreto:

- Custos de memorias básicas, informes técnicos e certificados necesarios.
- Custos de desmontaxe do material de fachadas ou envolvente existente.
- Custos do material :granito ,morteiros e adhesivos ,ancoraxes e sistemas de ancoraxe e o material illante.
- Custos dos proxectos de arquitectura ou enxeñaría na parte correspondente ás actuacións que se van subvencionar.
- Custos de licenzas e custo de man civil e instalacións auxiliares necesarias para a montaxe de nova envolvente de granito .

Custos non subvencionables:

- Os gastos e custos financeiros, como consecuencia do investimento.
- Os gastos realizados en bens usados.
- Os custos de materiais da estrutura soporte da fachada
- A substitución ou instalación das carpinterías exteriores (portas e fiestras) e vidro.

O IVE subvencionarase cando non sexa susceptible de recuperación ou compensación.

Os gastos subvencionables deberán estar realizados e efectivamente **pagados con anterioridade á data de xustificación.**

Cando o importe do gasto subvencionable supere os 50.000euros+IVA, o beneficiario deberá solicitar como mínimo tres ofertas de diferentes provedores. No suposto de non recaer a adxudicación na proposta

económica máis vantaxosa, deberán achegar unha memoria na cal se xustifique expresamente a elección do adxudicatario do contrato.

O custo subvencionable máximo será de :

- 110 € por m2 no caso de fachadas pegadas de granito.
- 140 € por m2 no caso de fachadas trasventiladas de granito.
- 130 € por m2 no caso de fachadas de perpiaño de granito.

A contía da subvención será do 30% dos custos totais subvencionables (IVE incluído, cando tal imposto sexa subvencionable) con un máximo de :

- 12.000 € por vivenda unifamiliar illada.
- 40.000 € por edificio de vivendas en bloque.

Beneficiarios

Particulares ou comunidades de propietarios, sempre que a actuación subvencionable se realice en vivendas ou edificios de vivenda colectiva e nas súas edificacións anexas da súa titularidade, sitos na Comunidade Autónoma de Galicia.

Documentación a presentar:

Xunto coa solicitude (anexo II da Orde) deberase presentar copia dixitalizada, ou ben orixinal ou copia compulsada es se opta por presentar a solicitude en soporte papel, da seguinte documentación:

A. Documentación xenérica:

a) DNI ou NIE do solicitante.

b) No caso de que o solicitante sexa unha comunidade de propietarios, achegarase ademais:

- Copia do NIF da comunidade de propietarios.
- Copia da acta da xunta de propietarios onde conste o nomeamento do presidente ou certificado do secretario.
- Copia da acta da xunta de propietarios aprobatoria da rehabilitación da fachada ou certificado do secretario.
- Copia da acta da xunta de propietarios aprobatoria da solicitude da subvención ou certificado do secretario.

c) Acreditación da titularidade do edificio ou vivenda mediante certificación do Rexistro da Propiedade, escritura pública de obra nova, escritura pública de compravenda, escritura pública de aceptación ou partición da herdanza, escritura pública de doazón e aceptación, ou sentenza xudicial, segundo corresponda.

B. Documentación técnico-económica:

a) Memoria explicativa (segundo anexo III da Orde)

b) Cadro de gastos para os que solicita a subvención (anexo IV), xunto cos orzamentos ou facturas pro forma que xustifiquen os anteditos gastos.

c) Proxecto técnico cando sexa preciso segundo a entidade da obra.

d) Reportaxe fotográfica antes da renovación.

e) Cando resulte de aplicación, copia das tres ofertas solicitadas e memoria xustificativa da diferente elección, en caso de non se optar pola máis vantaxosa.

Xustificación da subvención

a) Declaración expresa por parte do beneficiario de que o proxecto foi executado conforme o indicado na solicitude. **De existiren modificacións no proxecto achegarase un informe técnico ou documento cos datos e incidencias máis significativas** ocorridas durante a execución.

b) Documentación xustificativa do gasto:

- Relación clasificada dos gastos e investimentos da actividade (anexo VI da Orde).
- Facturas, ou documentos de valor probatorio equivalente, incorporadas na relación anterior. Deberán cumprir os requisitos establecidos no RD 1496/2003, do 28 de novembro (BOE do 29 de novembro), modificado polo Regulamento aprobado polo Real decreto 87/2005, do 31 de xaneiro (BOE do 1 de febreiro).

c) Documentación xustificativa do pagamento:

- Para cada un dos documentos xustificativos de gasto: transferencias bancarias, certificacións bancarias ou extractos bancarios, en que deberán estar claramente identificados o receptor e o emisor do pagamento, así como o documento xustificativo de gasto obxecto do dito pagamento.
- Non se admitirán como xustificantes os documentos acreditativos de pagamentos en metálico nin os obtidos a través da internet se non están validados pola entidade bancaria ou non dispoñen de códigos para a súa verificación por terceiros na sede electrónica da dita entidade.

d) Acreditación da calidade comercial da tella cerámica utilizada mediante certificado do produtor.

e) Certificación de fin de obra expedida polo técnico responsable no caso de que sexa preceptivo, que deberá incluír a adecuación da solución constructiva á norma “UNE 22203. Construcción de aplacados de fachada con pedra natural “(no caso de que non fose preceptivo, acreditarase mediante informe técnico sobre a adecuación da solución constructiva á norma anteriormente indicada).

f) Certificación por técnico competente de que se cumpren ou melloran as exixencias mínimas que fixa o Código técnico da edificación no documento «DB HE-1 Limitación da demanda enerxética», agás das levadas a cabo para o exclusivo mantemento do inmovible para as que se exixirá a acreditación da mellora da eficiencia enerxética.

g) Reportaxe fotográfica despois da renovación realizada.

h) Declaración complementaria do conxunto das axudas solicitadas para as mesmas actuacións subvencionadas (anexo VII da Orde).

i) Declaración responsable acerca da veracidade dos datos consignados na solicitude relativos á titularidade da conta onde se deba realizar o pagamento.

j) Certificacións expedidas polos organismos competentes, acreditativas de estar ao día no cumprimento das súas obrigas tributarias e coa Seguridade Social, e de non ter pendente de pagamento ningunha débeda, por ningún concepto, coa Administración pública da Comunidade Autónoma, no caso de que o solicitante denegase expresamente a autorización ao órgano xestor para que solicite de oficio estas certificacións.

Data límite de xustificación desta documentación: 14 de Novembro de 2015.

Recibida a documentación xustificativa da subvención, os órganos competentes da consellería, antes de procederem ao seu pagamento, poderán realizar as actuacións de comprobación oportunas para verificar o cumprimento das actuacións subvencionadas.

Mais información: Dirección Xeral de Enerxía e Minas. (Rda. da Muralla, 70 Bajo 2 - 27071 - Lugo).

Páxina web: <http://economiaeindustria.xunta.es>

Tlf.: 981 95 70 92 / 981 95 72 59

endereço electrónico: cei.dxiem.axudasminas@xunta.es.